

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 23 DE FEBREIRO DE 2022.

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e tres de febreiro de 2022, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcadesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto.. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase denegar as seguintes licenzas urbanísticas: para rehabilitación e cambio de uso de edificación tradicional en Roade-Teixeiro (exp. 2021/Y001/000251) e licenza urbanística para construción de soportal en vivenda unifamiliar no núcleo rural tradicional de Rego do Espiño, número 23, Parroquia de Piúgos (exp. 2021/Y001/000264).

Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para construción de vivenda unifamiliar na urbanización Sector Norte I, parcela 5A (exp. 11/19) e para construción de vivenda unifamiliar na esquina rúa Torrón con rúa Bustelo (exp. 29/19).

ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a aprobación do prego de prescricións técnicas e do prego de cláusulas administrativas particulares, e a adjudicación por procedemento aberto na contratación do alugamento de tres vivendas que contan con adaptacións técnicas para seren utilizadas por persoas con discapacidade e mobilidade reducida e a apertura do procedemento de contratación, exp. 2021/C005/000018.

Tamén se acorda a adjudicación na contratación da prestación do servizo de centro de día "Novo Antonio Gandoy" de atención a persoas maiores, exp. ref. 2021/C003/000037.

Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e adjudicación por procedemento

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac7458824025710354366.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 23-2-2022

aberto na contratación dos servizos de prevención e control da lexielose nas instalacións de titularidade municipal e desinfección, desinsectación e desratización no Concello de Lugo e a apertura do procedemento de adxudicación, exp. ref. 2022/C003/000004.

Acórdase a 2ª prórroga do contrato dende o 01/04/2022 e o 31/03/2023 na contratación da prestación do servizo de apertura e atención ao público da oficina municipal de turismo, dos centros museográficos municipais “Centro de interpretación da Muralla, Museo Interactivo da Historia de Lugo, Domus dos Mosaicos, Sala de exposicións Porta Miñá e Centro arqueolóxico de San Roque” e o punto de información turística de verán (exp. ref. 2018-16- tecol 2020/C003/000070)

Tamén se acorda a 2ª prórroga do contrato dende o 3/01/2022 ao 2/01/2023 na contratación do servizo de mantemento e conservación integral das áreas de xogos infantís existentes nos parques, xardíns e zonas verdes públicas municipais da cidade de Lugo (exp. ref. 2-2016) (tecol 2020/C003/000036).

Acórdase a adxudicación na contratación - mediante dous lotes - da prestación do servizo de mantemento e conservación das actuacións enmarcadas no plan de embelecemento da cidade a través da estratexía Dusi denominada “De la Muralla al Miño-Muramiñae” co cofinanciamento do 80% da Unión Europea a través do Fondo Europeo de desenvolvemento rexional. Contrato reservado a centro especial de emprego de iniciativa social e a empresas de inserción, exp. ref. 2021-C003-000043.

Tamén se acorda a desestimación do recurso de reposición na contratación da subministración de dez marquesiñas, exp. ref. 2021-C004-000039.

3. PERSOAL.- Acórdase aprobar o informe proposta de desestimación do recurso de alzada interposto contra a baremación definitiva do concurso para xefes de servizo.

Acórdase o nomeamento como funcionarios de carreira do Excmo. Concello de Lugo para desempeñar as prazas de Policía Local, encadrados na escala de Administración Especial, subescala de servcios, clase policía local e auxiliares, subgrupo C1.

Tamén se acorda a designación dos membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a dúas prazas de arquitecto/a pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, unha en quenda de acceso libre ordinario e unha en quenda de acceso libre reservado a persoas con discapacidade (OEP 2018).

Acórdase a designación dos membros do tribunal cualificador do proceso

selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de arquitecto/a técnico/a do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre (OPE 2017).

Tamén se acorda a desestimación do recurso de reposición fronte á adxudicación da xefatura de servizo de control financeiro.

Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.